



GUÍA PARA O SEGUIMENTO DOS TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MASTER

Edita:

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade, s/n
 CIFP Compostela 5ª planta
 15702 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 173 Fax: 981 534 174

E-mail: acsug@acsug.es

Páxina web: www.acsug.es

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o seu título e á "Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia" como editora.

ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA



ACSUG está incluída en EQAR



ACSUG é membro de ECA



ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. O Sistema de Xestión Medioambiental está verificado positivamente segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).



ACSUG cumpre coa lexislación vixente en relación á protección de datos



ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN	4
2.- PROPÓSITOS DO SEGUIMENTO	5
3.- FASES DO PROCESO DE SEGUIMENTO	5
4.- AVALIACIÓN DO SEGUIMENTO	7
ANEXOS	13
ANEXO I. AUTOINFORME DE SEGUIMENTO	14
ANEXO II. INFORMACIÓN PÚBLICA	17
ANEXO III. PLAN DE MELLORAS	18
ANEXO IV: INFORME PROVISIONAL/FINAL DE SEGUIMENTO DA ACSUG.....	19
ANEXO V: DEFINICIÓN E CÁLCULO DAS TAXAS.....	21
ANEXO VI: LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES	25

1.-INTRODUCCIÓN

Implantadas as ensinanzas correspondentes aos títulos oficiais inscritos no *"Registro de Universidades, Centros y Títulos"* (RUCT), as Axencias de Calidade deben levar a cabo o seguimento do cumprimento do proxecto contido no plan de estudos verificado polo *"Consejo de Universidades"*.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ACSUG é o órgano de avaliación responsable de establecer e aplicar os procedementos para o seguimento dos títulos oficiais do Sistema Universitario de Galicia, segundo o recollido no artigo 27 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, no que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo RD 861/2010, do 2 de xullo.

Dende o 2008 a *"Red Española de Agencias de Calidad Universitaria"* (REACU)¹ traballou na redacción do documento *"Recomendaciones para el seguimiento de los títulos oficiales"* coa idea de poñer a disposición, tanto das propias axencias como das universidades, que son as responsables do seguimento, unha ferramenta de traballo que facilite a toma de decisións para garantir o cumprimento do establecido na norma para o seguimento dos títulos. Este documento desenvolveuse nun marco xeral, froito da colaboración técnica das axencias reunidas na REACU, para asumir as competencias que a lexislación estatal e, no seu caso, as que a lexislación autonómica lles confire no relativo ao seguimento dos títulos oficiais.

O 29 de xuño de 2010, a *"Comisión Universitaria Reguladora del Seguimiento y la Acreditación"* (CURSA)² aproba o *"Protocolo para el seguimiento y la renovación de la acreditación de los títulos universitarios oficiales"* co obxectivo de converterse na base común das guías e ferramentas elaboradas polos órganos de avaliación das diferentes comunidades autónomas.

¹A *"Red Española de Agencias de Calidad Universitaria"* (REACU) está formada polas seguintes axencias:

"Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari a Catalunya" (AQU)
"Agencia Andaluza del Conocimiento" (AAC)
"Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia" (ACSUG)
"Agencia para la Calidad del Sistema Universitario de Castilla y León" (ACSUCYL)
"Agencia Canaria de Calidad Universitaria y Evaluación Educativa" (ACCUEE)
"Agència de Qualitat Universitària de les Illes Balears" (AQUIB)
"Agencia de Evaluación de la Calidad y Acreditación" (ANECA)
"Fundación para el Conocimiento Madri+d"
"Agencia de Evaluación de la Calidad y Acreditación del Sistema Universitario Vasco" (UNIBASQ)
"Agencia de Evaluación de la Calidad y Prospectiva de Aragón" (ACPUA)
"Agència Valenciana d'Avaluació i Prospectiva" (AVAP)

²Está constituída por: o titular da *"Dirección General de Política Universitaria"*, representantes das Administracións das CCAA de Andalucía, Illas Baleares, Murcia e País Vasco, rectores como representantes do Consello de universidades: Europea de Madrid, Málaga, Pompeu Fabra, Pública de Navarra e Sevilla, representantes das axencias de calidade universitaria: ACSUG, ACPUA, ACSUCyL, ANECA e AQU, dous representantes do *"Ministerio de Educación, Ciencia y Deporte"* e o titular da *"Subdirección General de Coordinación Universitaria"*.

Segundo o establecido no dito protocolo aprobado por CURSA, ACSUG elabora a presente guía. O proceso de seguimento deseñado por ACSUG adáptase á normativa legal vixente, e considera ademais que ter deseñado e implantado nos centros un Sistema de Garantía da Calidade (SGC) é un factor estratéxico básico para conseguir unha mellora continua dos títulos oficiais e para que as competencias, habilidades e aptitudes dos egresados sexan coñecidas polos empregadores e pola sociedade en xeral.

2.- PROPÓSITOS DO SEGUIMENTO

Os propósitos do proceso de seguimento dos títulos universitarios oficiais, de acordo coas recomendacións da REACU e da CURSA, son os seguintes:

- Ser unha ferramenta útil para a xestión dos centros, que lles permita a avaliación do desenvolvemento das súas ensinanzas a partir da análise dos datos e indicadores, identificando boas prácticas, detectando posibles desviacións, así como a elaboración de propostas de mellora que sirvan para corrixir as desviacións observadas entre o deseño dos títulos e o seu desenvolvemento ordinario.
- Asegurar a execución efectiva das ensinanzas conforme ao recollido no plan de estudos do título implantado, tal e como consta no RUCT xunto coas modificacións aprobadas polo "*Consejo de Universidades*" e autorizadas, no seu caso, polas comunidades autónomas.
- Asegurar a dispoñibilidade da información pública pertinente e relevante aos diferentes grupos de interese.
- Facilitar o proceso de renovación de acreditación dos títulos, que implica a visita dunha comisión de avaliación externa nomeada pola ACSUG para a análise, in situ, das evidencias de cada titulación obxecto de acreditación.

3.- FASES DO PROCESO DE SEGUIMENTO

O proceso de seguimento realizado por ACSUG, de acordo coas recomendacións da REACU e da CURSA, é de aplicación a todos os títulos oficiais implantados nas universidades do SUG excepto aqueles que estean en fase de extinción; a universidade responsabilizarase de notificaralle á ACSUG os títulos que se atopen nesta situación.

O seguimento comprende o período que abarca dende a implantación do título ata o momento en que deba someterse á avaliación para renovar a súa acreditación, comezando de novo o ciclo tras a dita renovación.

Para o desenvolvemento do proceso de avaliación do seguimento dos títulos oficiais de grao e máster, ACSUG conta co apoio de comisións de avaliación formadas por expertos externos de recoñecido prestixio. As comisións están compostas por vogais académicos, profesionais e estudantes, seguindo os criterios de nomeamento establecidos, para o efecto, pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) e públicos na páxina web da ACSUG. A composición destas comisións de avaliación será publicada na páxina web da ACSUG, podendo a universidade recusar, por causa xustificada, a calquera dos seus membros.

ACSUG realiza, como mínimo, unha avaliación do seguimento de cada título dentro do período comprendido entre a súa implantación e o momento en que deba someterse á avaliación para renovar a súa acreditación. Como excepción poderán ser obxecto de avaliación outros títulos que, ou ben nos sucesivos informes de seguimento se detectaran desviacións que supoñan un grave perigo para a calidade mínima esixible do título implantado, ou ben a petición propia da universidade, previo acordo coa Axencia. ACSUG notifícalle a cada universidade os títulos que son obxecto de seguimento en cada convocatoria.

Fases:

- 1)** Elaboración e aprobación anual, por parte da universidade, dun autoinforme de seguimento de cada un dos títulos oficiais, seguindo o formato recollido no **Anexo I** desta guía. O curso académico obxecto de avaliación no proceso de seguimento é o rematado no mesmo ano natural da elaboración do dito autoinforme. O autoinforme de seguimento consta de catro apartados, nos que se deben incluír: os datos descritivos do título, o cumprimento do proxecto establecido, do que se dará conta a través da inclusión dunha serie de evidencias e indicadores (**Anexo VI**), un plan de melloras conforme ao **Anexo III** desta guía, ou seguindo o formato establecido no SGC do centro onde se imparte, e información sobre as modificacións non substanciais do plan de estudos.
- 2)** Envío do autoinforme de seguimento á ACSUG, para a súa avaliación, antes do 30 de novembro.

- 3) Análise e valoración do autoinforme de seguimento (**Anexo I**) incluída a información pública dispoñible nas páxinas web da Universidade/Centro/título (**Anexo II**) pola Comisión de Avaliación nomeada pola ACSUG.
- 4) Emisión e envío á Universidade dun Informe de avaliación (**Anexo IV**), elaborado pola Comisión de Avaliación da ACSUG tras a análise e a valoración do autoinforme de seguimento. A Universidade contará cun prazo de 20 días naturais para a presentación de alegacións ao contido do dito informe. Transcorrido este prazo e revisadas pola Comisión de Avaliación as ditas alegacións, enviarase o informe definitivo á Universidade. O proceso terá unha duración total de seis meses a contar desde a recepción do autoinforme de seguimento na ACSUG.
- 5) No caso de existir deficiencias que supoñan un grave perigo para a calidade mínima esixible do título, ACSUG, cumprindo co establecido no marco normativo vixente, remitiralle un informe coas desviacións detectadas á universidade, á Comunidade Autónoma e ao "*Consejo de Universidades*" co fin de que se proceda conforme ao disposto na dita norma (apartado 3.5 do "*Protocolo para el seguimiento y la renovación de la Acreditación de los títulos universitarios oficiales*").

4.- AVALIACIÓN DO SEGUIMIENTO

O proceso de seguimento require analizar:

1. Cumprimento do proxecto establecido en base aos criterios de renovación da acreditación
2. Plan de melloras do título
3. Modificacións do plan de estudo

1. Cumprimento do proxecto establecido en base aos criterios de renovación da acreditación. O seguimento dun título implica comprobar que a universidade está cumprindo cos compromisos propostos na memoria de verificación relativos ao desenvolvemento do seu programa formativo e coñecer os resultados obtidos cada curso académico e a evolución destes. A universidade aportará as evidencias deste

cumprimento conforme aos criterios de renovación da acreditación co obxectivo de que a recollida e actualización da información curso tras curso facilite o proceso último de renovación da acreditación. A listaxe de evidencias e indicadores inclúese no **Anexo VI**, onde es específica aquelas que deben estar públicas na web, polo que a universidade non terá que remitilas.

As dimensións a avaliar no programa de seguimento son as mesmas que as establecidas no programa de renovación da acreditación.

Os criterios incluídos nas dimensións son:

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO
Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Criterio 2. Información e transparencia
Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
DIMENSIÓN 2. RECURSOS
Criterio 4. Recursos humanos
Criterio 5. Recursos materiais e servizos
DIMENSIÓN 3. RESULTADOS
Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

De cada un dos criterios establécense subcriterios e indícanse aspectos a ter en conta na valoración, así como as evidencias e indicadores nos que debe estar baseado a análise do título.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- Perfil de ingreso e criterios de admisión

1.2.- O plan de estudos desenvólvese seguindo a oferta de módulos, materias e asignaturas previstas na memoria verificada

1.3.- Mecanismos de coordinación docente

Evidencias:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificacións, seguimento e renovación de acreditación del título, incluíndo os plans de mellora

E3: Análise do perfil real de ingreso/egreso

E4: Guías docentes das materias/asignaturas

E5: Actas do último curso da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I2: Evolución dos indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

Evidencias:

E6: Páxina web da universidade/centro/título (debe estar incluída como mínimo a información referida no **Anexo II**)

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

3.2.- A implantación do SGC facilita o deseño, seguimento dos títulos, e a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

3.3.- Todos os grupos de interese están implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.

Evidencias:

E5: Actas do último curso da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E7: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)

E8: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, Garantía do aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e Información Pública)

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

E10: Análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados, evolución,...)

Indicadores:

I3: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título (% participación, resultados, evolución,...)

I4: Resultados dos indicadores que integran o SGC

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é axeitada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben acadar os estudantes.

4.2.- Persoal de apoio³. O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é axeitada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Evidencias:

E11: Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)

E12: Información sobre persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)

E13: Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)

Indicadores:

I5: Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas

I6: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas

I7: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)

I8: Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares

I9: Evolución dos indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e axeitados ás características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben acadar os estudantes.

Evidencias:

E14: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E15: Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida

E16: Listaxe dos centros /entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares

Indicadores:

I10: Distribución alumnado por centros de prácticas

³ Persoal técnico de laboratorios, PAS, etc.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

6.1.- Os estudantes ao rematar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Evidencias:

E4: Guías docentes (comprobar se o desenvolvemento das actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e calificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos)

E17: Listaxe de traballos fin de grao/máster do último curso académico (título, titor e calificación)

E18: Informes das calificacións de cada unha das materias/ asignaturas do título

Indicadores:

I11: Indicadores de resultados (analizarase a taxa de éxito global e por materia)

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son axeitados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Evidencias:

E10: Análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados, evolución,...)

E19: Análise dos resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I3: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título

I11: Indicadores de resultados (Estas taxas se facilitarán de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia/ asignatura):

- Taxa de graduación
- Taxa de abandono
- Taxa de eficiencia
- Taxa de rendemento
- Taxa de éxito
- Taxa de avaliación

I12: Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso.

I13: Resultados de inserción laboral

2. Plan de melloras do título. Valoraranse as accións de mellora desenvolvidas, a coherencia entre estas accións e os resultados do título, así como as accións levadas a cabo para dar resposta ás recomendacións para a mellora establecidas nos distintos informes de avaliación externa (VSMA⁴) emitidos pola ACSUG. Débese indicar o grao de consecución de cada unha delas. A información mínima a cumprimentar en cada acción de mellora recóllese na ficha do **Anexo III**, agrupando as accións de mellora seguindo os criterios de renovación da acreditación:

- ✓ Accións de mellora derivadas da implantación do título no curso académico obxecto de seguimento.
- ✓ Accións de mellora de anos anteriores en proceso de execución.
- ✓ Accións de mellora executadas ao 100% no curso académico obxecto de seguimento.

Aqueles centros que teñan certificada a implantación do Sistema de Garantía de Calidade enviarán un único Plan de Melloras que derive da súa implantación. Neste caso manteranse os tres apartados anteriores por cada título que se imparta no centro e incluírase un apartado con aquelas accións comúns a todos eles.

3. Modificacións do plan de estudos. Inclúranse as modificacións **non substanciais**, que son aqueles cambios menores que melloran o título e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no "Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Máster⁵" da ACSUG. As devanditas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos autoinformes de seguimento e incorporarse na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

⁴VSMA: verificación, seguimento, modificación e acreditación

⁵ <http://www.acsug.es/gl/node/1651>

ANEXOS

ANEXO I. AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

1.- DATOS DO TITULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	
MENCIONS/ESPECIALIDADES	
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVA	
EN CASO DE TÍTULOS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	
CENTRO RESPONSABLE	
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE	
RAMA DE COÑECEMENTO	
NÚMERO DE CRÉDITOS	
PROFESIÓN REGULADA	
MODALIDADE DE IMPARTICIÓN	
CURSO DE IMPLANTACIÓN	
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	
CURSO ACADÉMICO OBJECTO DE SEGUIMIENTO	

2.- CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO			
Critérios	Nº	Evidencia/Indicador	Onde se atopa*
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	
1,6	E4	Guías docentes das materias/ asignaturas (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	
1, 3	E5	Actas do último curso da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade	
1,7	I1	Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	
1	I2	Evolución dos indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	
2	E6	Páxina web da universidade/centro/título (debe estar incluída como mínimo a información referida no Anexo II)	
3	E7	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	
3	E8	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, Garantía do aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e Información Pública)	
3	E9	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	
3, 7	E10	Análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados, evolución,...)	
3, 7	I3	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	
3, 7	I4	Resultados dos indicadores que integran o SGC	
4	E11	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	
4	E12	Información sobre persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	
4	E13	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	
4	I5	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	
4	I6	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	
4	I7	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	
4	I8	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares	
4	I9	Evolución dos indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título).	
5	E14	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	
5	E15	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	
5	E16	Listaxe dos centros /entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	
5	I10	Distribución alumnado por centros de prácticas	
6	E17	Listaxe de traballos fin de grao/máster do último curso académico (título, titor e calificación)	
6	E18	Informes das calificacións de cada unha das materias/ asignaturas do título	
7	E19	Análise dos resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	
6, 7	I11	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia/ asignatura): <ul style="list-style-type: none"> ➤ Taxa de graduación ➤ Taxa de abandono ➤ Taxa de eficiencia ➤ Taxa de rendemento ➤ Taxa de éxito ➤ Taxa de avaliación 	
7	I12	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	
7	I13	Resultados de inserción laboral	

* **Insertar enlace a un pdf ou indicar se está público na web.**

3.- PLAN DE MELLORAS*(Ver Anexo III)***4.- MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO**

MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN

ANEXO II. INFORMACIÓN PÚBLICA

INFORMACIÓN PÚBLICA
Denominación do título
Número de créditos e duración do título
Centro responsable do título ou, no seu caso, departamento ou instituto
Coordinador/a e/ou responsable do título
Centro/s onde se imparte o título
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/es participante/s
Tipo de ensinanza
Número de prazas de novo ingreso ofertadas
Idiomas en que se imparte o título
Saídas profesionais/Profesións reguladas para as que capacita/Perfil de egreso
Normativa de permanencia
Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos
Memoria vixente do título
Obxectivos do título
Competencias xerais
Competencias específicas
Criterios de acceso e admisión
Procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso
Plan de acción tutorial
Perfil de ingreso recomendado
Condicións ou probas de acceso especiais, se existen
Programas de mobilidade
Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe ⁶
Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso
Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo
Horarios
Guías docentes/Programación docente ⁷
Traballo fin de grao/máster (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.)
Información sobre as prácticas externas, se as houbera (entidades colaboradoras,...)
Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto,...)
Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos
Aulas e seminarios
Laboratorios
Salas de informática
Salas de estudo
Biblioteca
Outros servizos dispoñibles
Espazos para os representantes de estudantes
Taxa de graduación
Taxa de abandono
Taxa de eficiencia
Taxa de rendemento
Taxa de éxito
Taxas de inserción laboral
Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docencia)
Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese
Órgano responsable do sistema de garantía da calidade
Política e obxectivos de calidade
Manual e procedementos do SGC

⁶Curso ponte: centro/s en que se imparte, número de prazas ofertadas, criterios acceso e admisión, probas de acceso se existen, información previa á matriculación, número de créditos do curso, itinerarios formativos, transferencia e recoñecemento de créditos, modalidades de impartición, normativa de permanencia, guías docentes das asignaturas a cursar.

⁷Tipo de asignatura, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idioma en que se imparte.

ANEXO III. PLAN DE MELLORAS

CRITERIO...	
Denominación da proposta	
Punto débil detectado/Análise das causas	
Ámbito de aplicación	
Responsable da súa aplicación	
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	
Período de execución	
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento e data	
Indicadores de execución	
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

**ANEXO IV: INFORME PROVISIONAL/FINAL DE SEGUIMENTO DA
ACSUG**

ACSUG • Rúa Lamas de Abade s/n, Edif. IES Compostela 5ª planta • 15702 Santiago de Compostela
Tfno: 981534173 • Fax: 981534174 • E-mail: acsug@acsug.es • www.acsug.es



ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA

ID MEC:
Nº EXPEDIENTE:

**INFORME PROVISIONAL/FINAL
SEGUIMENTO
20../20..****TÍTULO****UNIVERSIDADE**

1.- DATOS DO TÍTULO		
DENOMINACIÓN DO TÍTULO		
MENCIONS/ESPECIALIDADES		
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVA		
EN CASO DE TÍTULOS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S		
CENTRO RESPONSABLE		
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE		
RAMA DE COÑECEMENTO		
NÚMERO DE CRÉDITOS		
PROFESIÓN REGULADA		
MODALIDADE DE IMPARTICIÓN		
CURSO DE IMPLANTACIÓN		
DATAS	ACREDITACIÓN EX ANTE (Verificación)	
	RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	
	MODIFICACIÓN	
	IF SEGUIMIENTO	
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMIENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME <input type="checkbox"/> NON CONFORME	

XUSTIFICACIÓN DO RESULTADO:

RECOMENDACIÓNS PARA A MELLORA:

ANEXO V: DEFINIÇÃO E CÁLCULO DAS TAXAS

Código	ISV1	Data de actualización	22-03-2010
Denominación	Taxa de rendemento do título		
Descrición	Para un curso académico X, relación porcentual entre o número de créditos ordinarios superados no título T na Universidade U e o número total de créditos ordinarios matriculados no título T na Universidade U.		
Xustificación	Este indicador aporta información anual sobre a proporción de créditos ordinarios superados polos estudantes con respecto aos créditos ordinarios matriculados, nos diferentes títulos impartidos nas Universidades españolas.		
Forma de cálculo	$ISV1 = (\sum N^{\circ} \text{ de créditos ordinarios superados nun título T na Universidade U no curso académico X} / \sum N^{\circ} \text{ de créditos ordinarios matriculados nun título T nunha Universidade U no curso académico X}) * 100.$		
Características	Periodicidade	Curso académico	
	Fonte de información	Universidade	
	Histórico		
	Forma de representación	Porcentaxe cun decimal	
Nivel de agregación / desagregación	Por Universidade, título e curso académico. Para os diferentes títulos impartidos nas Universidades españolas.		
Exemplo	O número de créditos ordinarios matriculados no curso académico 2013-14 no título de grao de Socioloxía na Universidade Complutense de Madrid foi de 2400. E o número de créditos ordinarios superados en devandito curso académico 2013-14 por tales estudantes foi de 2000. Co que a Taxa de rendemento do título sería: $ISV1 = (2000/2400) * 100 = 83,3\%$ É dicir, o 83,3% dos créditos ordinarios matriculados no curso académico 2013-14 no título de grao de Socioloxía na Universidade Complutense de Madrid foron superados.		
Especificacións	Nin nos créditos matriculados nin nos superados se consideran os créditos recoñecidos ou transferidos.		
Interpretación	Este indicador pódese interpretar, curso a curso, como a foto fixa na que se mostra a dificultade/facilidade coa que os estudantes superan as materias nas que se matriculan. Canto máis afastados estean os valores do 100%, indicarán unha maior dificultade dos módulos ou materias ou a necesidade dunha maior monitorización aos estudantes no proceso de matrícula ou unha inadecuada secuenciación dos módulos/materias no plan de estudos. A evolución deste indicador durante o período de implantación pode ser de especial axuda á hora de definir e implementar medidas de mellora.		

Código	ISV2	Data de actualización	22-03-2010
Denominación	Taxa de abandono do título		
Descrición	Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de entrada C matriculados no título T na Universidade U no curso académico X, que non se matricularon no devandito título T nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes de tal cohorte de entrada C que accederon ao mencionado título T o curso académico X.		
Xustificación	Este indicador achega información anual sobre a proporción de estudantes que abandonan o título con respecto aos estudantes inicialmente matriculados.		
Forma de cálculo	$ISV2 = (N^{\circ} \text{ de estudantes de novo ingreso no título T na Universidade U o curso X e que non están matriculados nese título T na Universidade nos cursos X+1 e X+2} / N^{\circ} \text{ de estudantes de novo ingreso no título T na Universidade U o curso X}) * 100$		
Características	Periodicidade	Curso académico	
	Fonte de información	Universidade	
	Histórico	Acumulado a partir de X+2	
	Forma de representación	Porcentaxe cun decimal	
Nivel de agregación / desagregación	Por Universidade, título e cohorte de entrada		
	Para os diferentes títulos impartidos nas Universidades españolas		
Exemplo	<p>O número de estudantes da cohorte de entrada C no título de Grao en Psicoloxía da UNED o curso 2009-10 foi de 70.</p> <p>E o número de tales estudantes (da cohorte de entrada no título de Grao en Psicoloxía da UNED o curso 2009-10) que non aparecen matriculados nese título na Universidade nos cursos 2010-11 e 2011-12 foi de 10.</p> <p>Co que a Taxa de abandono do título para a cohorte de entrada do curso 2009-2010 sería: $ISV2 = (10/70) * 100 = 14,3\%$</p> <p>É dicir, o 14,3% dos estudantes de novo ingreso no título de Grao en Psicoloxía da UNED no curso 2009-10, abandonaron o devandito título no transcurso dos dous cursos posteriores á matrícula.</p>		
Especificacións	<p>O cálculo analiza a evolución anual da cohorte de entrada considerada. Este indicador calcúlase en X+1 e X+2 para poder anticipar o seguimento do título.</p> <p>Por exemplo, no caso dun grao de 240 ECTS, no X+5 dispoñeráse do indicador tal como se recolle no anexo 1 do Real Decreto 861/2010.</p> <p>Non se considerarán abandonos aqueles estudantes graduados no título T.</p>		
Interpretación	Este indicador mostra ano a ano a porcentaxe ligada ao abandono nos tres primeiros cursos de permanencia dos estudantes nun mesmo plan de estudos. Valores elevados deste indicador deberan motivar unha análise de onde (e por que) se produce este abandono, para poder adoptar as medidas correctoras oportunas. Por exemplo, este abandono podería acontecer ao finalizar o primeiro curso de permanencia no plan de estudos e ser consecuencia dunha excesiva dificultade deste.		

Código	ISV3	Data de actualización	22-03-2010
Denominación	Taxa de eficiencia dos graduados do título		
Descrición	Relación porcentual entre o número total de créditos nos que deberon matricularse os estudantes graduados dunha cohorte de graduación G para superar un título T nunha Universidade U e o total de créditos nos que efectivamente se matricularon os estudantes graduados dunha cohorte de graduación G nun título T nunha Universidade U.		
Xustificación	Este indicador achega información anual sobre a diferenza entre o número de créditos efectivamente matriculados polos graduados con respecto aos créditos nos que se debesen matricular estes.		
Forma de cálculo	$ISV3 = (\sum N^{\circ} \text{ de créditos que debesen ser matriculados nun título T nunha Universidade U pola cohorte de graduación G} / \sum N^{\circ} \text{ de créditos efectivamente matriculados nun título T nunha Universidade U pola cohorte de graduación G}) * 100$		
Características	Periodicidade	Ano académico	
	Fonte de información	Universidade	
	Histórico		
	Forma de representación	Porcentaxe cun decimal	
Nivel de agregación / desagregación	<p>Por Universidade, título e cohorte de graduación.</p> <p>Para os diferentes títulos impartidos nas Universidades españolas.</p> <p>Poderase calcular en función dos créditos matriculados polo alumno.</p> <p>Sería conveniente que a interpretación do dato obtido se fixese considerando os créditos matriculados de máis polos estudantes respecto os que teoricamente se terían requirido para obter o título</p>		
Exemplo	<p>O número de créditos efectivamente matriculados no título de Grao de Dereito na Universidade de Barcelona pola cohorte de graduación das 150 persoas graduadas no 2012-13, foi de 37.500.</p> <p>E é 36.000 o número de créditos dos que se debesen haber matriculado os 150 estudantes graduados en 2012-13 para finalizar os seus estudos nos 4 anos previstos.</p> <p>Co que a Taxa de eficiencia do título sería: $ISV3 = ((36000/37500)) * 100 = 96,0\%$</p> <p>É dicir, o conxunto das persoas graduadas en 2012-13 no título de grao de Dereito na Universidade de Barcelona matricularonse dun número de créditos en termos relativos próximo ao que é necesario para a obtención do título.</p>		
Especificacións	<p>Consideraranse unicamente aqueles estudantes de novo ingreso que se matricularon no título por primeira vez. É dicir, sen ningún crédito recoñecido como consecuencia de traslado de expediente ou de ter cursado outro título.</p> <p>Esta taxa obterase o ano académico seguinte ao de graduación do estudante no título. Entenderase por estudante graduado aquel que superou o número de créditos necesarios para contar co título de referencia.</p> <p>Calcúlase cada ano académico para os graduados dunha mesma cohorte de graduación.</p> <p>Computaranse ata un máximo dos créditos superados precisos para completar o título (é dicir, non entrarán en cómputo todos os créditos superados que excedan o número requirido para a obtención do título).</p>		
Interpretación	Este indicador mostra, en media, o exceso de créditos que se lle require a un estudante para obter o título no que se matricula. Valores deste indicador máis afastados do 100%, mostran unha maior dificultade do plan de estudos, posto que os estudantes se ven obrigados a realizar múltiples matrículas nalgunhas materias do plan de estudos (que debesen ser localizadas para adoptar as medidas de mellora oportunas).		

Código	ISV4	Data de actualización	22-03-2010
Denominación	Taxa de graduación do título		
Descrición	Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de entrada C que superan, no tempo previsto máis un ano, os créditos conducentes a un título T nunha Universidade U e o total dos estudantes de novo ingreso da mesma cohorte C no devandito título T na Universidade U.		
Xustificación	Este indicador achega información anual sobre a proporción de estudantes que conseguen finalizar no tempo previsto máis un ano ($t+1$) un título con respecto aos estudantes matriculados inicialmente, nos diferentes títulos impartidos nas Universidades españolas.		
Forma de cálculo	$ISV4 = (N^{\circ} \text{ de alumnos dunha cohorte de entrada C nun título T nunha Universidade U que conseguen finalizar o devandito título no tempo previsto } +1 / N^{\circ} \text{ de alumnos de novo ingreso dunha cohorte de entrada C nun título T nunha Universidade U}) * 100$		
Características	Periodicidade	Ano académico	
	Fonte de información	Universidade	
	Histórico		
	Forma de representación	Porcentaxe cun decimal	
Nivel de agregación / desagregación	Por Universidade, título e cohorte de entrada		
Exemplo	<p>O número de alumnos da cohorte de entrada de 2010-11 no título de grao de Medicina da Universidade de Navarra foi de 100 alumnos.</p> <p>E o número de tales estudantes (estudantes da cohorte de entrada de 2010-11 no título de grao de Medicina da Universidade de Navarra) que conseguen finalizar o devandito título no tempo previsto máis un ano foi de 90 alumnos.</p> <p>Co que a Taxa de graduación do título sería: $ISV4 = (90/100) * 100 = 90,0\%$</p> <p>É dicir, o 90% da cohorte de entrada de 2010-11 no título de grao de Medicina da Universidade de Navarra, conseguiron finalizar o devandito título.</p>		
Especificacións	<p>Calcúlase cada ano académico para os graduados dunha mesma cohorte de entrada.</p> <p>Entenderase por estudantes de novo ingreso aqueles que, para o título T e a Universidade U, comezaron os estudos dende o inicio.</p> <p>Entenderase por tempo previsto o número de anos académicos contemplados no plan para superar os créditos que compoñen o título (sendo 60 o número máximo de créditos que se permiten como nova matriculación por ano académico).</p>		
Interpretación	Este indicador serve para calibrar o axuste entre o deseño inicial do plan de estudos e a súa implantación ao obxectivo de que os estudantes finalicen os seus estudos nun período de tempo razoable. Canto máis afastados do 100% estean os valores, mostrarán un deseño do plan de estudos menos axustado á formación previa dos estudantes ou unha dificultade maior dos módulos ou materias ou unha planificación inadecuada ou a inadecuación dos procedementos de avaliación das aprendizaxes.		

ANEXO VI: LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

LISTAXE DE EVIDENCIAS				
Nº	Criterios	Evidencias	Quen a aporta	Onde se atopa
E1	Todos	Memoria vixente do título	ACSUG	--
E2	Todos	Informes de verificación, modificacións, seguimento, renovación da acreditación del título, incluíndo os plans de mellora	ACSUG	--
E3	1	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Universidade	Enlace/pdf
E4	1,6	Guías docentes das materias/asignaturas (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Universidade	web
E5	1, 3	Actas do último curso da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade	Universidade	Enlace/pdf
E6	2	Páxina web da universidade/centro/título (debe estar incluída como mínimo a información referida no Anexo II)	Universidade	web
E7	3	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Universidade	web
E8	3	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, Garantía do aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e Información Pública)	Universidade	Enlace/pdf
E9	3	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Universidade	Enlace/pdf
E10	3, 7	Análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados, evolución,...)	Universidade	Enlace/pdf
E11	4	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	Universidade	Enlace/pdf
E12	4	Información sobre persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	Universidade	Enlace/pdf
E13	4	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	Universidade	Enlace/pdf
E14	5	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Universidade	web
E15	5	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Universidade	web
E16	5	Listaxe dos centros /entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Universidade	web
E17	6	Listaxe de traballos fin de grao/máster do último curso académico (título, titor e calificación)	Universidade	Enlace/pdf
E18	6	Informes das calificacións de cada unha das materias/asignaturas do título	Universidade	Enlace/pdf
E19	7	Análise dos resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIU)	Universidade	Enlace/pdf

LISTAXE DE INDICADORES			
Nº	Criterios	Indicadores	Quen aporta
I1	1,7	Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Universidade
I2	1	Evolución dos indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	
I3	3,7	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	
I4	3, 7	Resultados dos indicadores que integran o SGC	
I5	4	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	
I6	4	Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	
I7	4	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	
I8	4	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares	
I9	4	Evolución dos indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	
I10	5	Distribución alumnado por centros de prácticas	
I11	6, 7	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaránse tamén por materia/ asignatura): <ul style="list-style-type: none"> ➤ Taxa de graduación ➤ Taxa de abandono ➤ Taxa de eficiencia ➤ Taxa de rendemento ➤ Taxa de éxito ➤ Taxa de avaliación 	
I12	7	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	
I13	7	Resultados de inserción laboral	